



A dirección informa:

Unha vez obtida a autorización de mobilidade para votar a xornada única para o vindeiro curso 2021-2022 infórmase do seguinte:

- Horario solicitado para E. Infantil e E. Primaria é:

Horario lectivo	9:30 a 14:30 (todos os días)
Comedor	14:30 a 15:30
Horario de transporte	9:30 (entrada) / 15:30 (saída)

- Haberá **1 só turno** de comedor para todo o alumnado que o solicite, tanto de Infantil como de Primaria.
- A partir das 15:30 ofertarase:
 - Plan Concilia (tardes divertidas)
 - Actividades Extraescolares.
 - Biblioteca escolar de martes a venres de 15:30 a 17:30.
- Os luns de 15:30 a 17:30 estableceranse as reunións de profesorado e as titorías coas familias.

Tedes máis información detallada do proxecto na web do centro na [PXA no punto 31.](#)

No informe emitido por mobilidade (transporte escolar) infórmase do seguinte:

1. A modificación non ocasiona incremento de custos adicionais en recursos educativos complementarios de comedor escolar e transporte escolar, xa que, non sería necesaria a contratación de servizos de transporte adicionais.
2. Suprímese o servizo de transporte ao mediodía, que no noso Centro xa non existía.
3. O cambio horario suporá a implantación da xornada única de mañá para EI e EP. Será para todo o curso, podendo variar 10 minutos na entrada e na saída dependendo das necesidades do transporte escolar.

O censo electoral estará exposto no taboleiro do Centro do 13 ao 27 de maio. Establécense 5 días de reclamacións ao censo, do 28 de maio ao 3 de xuño.

O día da **votación** será o **venres 4 de xuño.**

Constituirase unha mesa electoral para o efecto composta pola dirección do centro, que a presidirá, e dúas nais, pais, ou titoras, titores legais, designados por sorteo público, actuando como secretaria ou secretario a persoa de menor idade. En previsión de posibles ausencias, no sorteo designaranse titulares e suplentes. Avisarase por Abalar Móbil do día do sorteo.

Ademais, informarásenos nos días previos á votación do lugar, hora e medidas de protocolo COVID para ese día.